

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000050.**

**Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Extraordinaria e Urxente** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **venres día 10 de decembro de 2021, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL 2022 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinaria da convocatoria na necesidade perentoria de tratar o asunto incluído na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**